




# Cancioneiro da reciclaxe

2019/2020

Poemas sobre a reciclaxe elaborados polo alumnado de  
secundaria de Lingua  
Galega e Literatura do CPI de San Sadurniño




Despois de moito recoller,  
xuntei bastante lixo  
para levar á papeleira  
e collín bolsas de todo tipo.

Unha bolsa amarela,  
para os envases de plástico.  
Os papeis para o cubo azul  
e o resto levouno Pepiño.

Eu, ti e todos a reciclar,  
para ter un mundo fantástico,  
limpo e saudable.

Recicla e axuda ao noso mundiño.

E.R.



Todos debemos reciclar,  
e dándonos conta,  
a nosa terra coidar,  
e así eliminar toda o lixo mundial.  
Plástico, vidro, cartón,  
cada cousa no seu sitio,  
e así limparemos un montón,  
coidando a nosa terra con moito agarimo.

Desta maneira todos poderemos gozar  
coidando a nosa terra,  
todos felices a bailar,  
e a terra coa nosa axuda se recupera do mal

C.R.




Cheo de vida e color,  
é meu amigo.

Cheo de ramas e follas,  
é meu amigo.

Cheo de deseperación  
é meu amigo

Os humanos acaban coa súa vida.  
Axuda ao meu amigo.

P.M.



Medio Ambiente cóidao coa túa xente  
non o destrúas,e o teu deber  
coa tua axuda poderá salvarse  
e o mundo de felicidade poderá encherse

Recorda, hai que reciclar,  
os residuos en catro tipos as de separar  
plástico,cartón, vidro e basoira  
todos eles con moita dozura as de ordear.  
plástico,cartón,vidro e basoira  
todos eles con moita dulzura as de ordear.

J.L.F




O vidro no colector verde vai,

meu amigo!



No amarelo o plástico has de tirar,,

meu amigo!



Os residuos orgánicos no vermello debes botar,

meu amigo!



E no azul, os papeis has de reciclar,

meu amigo!


A.P.



A reciclaxe é moi importante,

xa que a necesitamos  
para coidar o noso planeta.

A reciclaxe debémola  
facer todos para que,  
o noso planeta  
non sexa destruído.



Reciclar é unha acción  
moi importante, xa que,  
non só coidamos  
o planeta, senón que,  
tamén coidamos dos animais.

J.S



Tes que reducir, reutilizar  
e reciclar, xa que, un  
planeta tan bonito coma este  
é difícil de encontrar.

A.M.



Ves

hai

mais

que

do

que

imaxinas

J.G





Vaimos reciclar, vaimos axudar,  
dende as nosas casas  
podemos colaborar

Vaimos reciclar, vaimos separar  
separando por cores  
podemos colaborar.




Na casa podemos,  
todo separado,  
podemos colaborar.

Na casa podemos,  
reciclando un pouco,  
podemos axudar.

N.F.





A reciclaxe é importante,  
pode salvar o planeta.

Eu... tamén podo axudar,  
que aínda non é tarde  
para o mundo salvar.

A.P.




Reciclar é coma falar,  
pódelo facer ben ou mal.

Cando vexas lixo,  
recólleo sen un inciso.  
Non o penses máis.


Actúa xa.  
C.C.



Actúa xa.  
C.C.



Vaiamos amigo, vaiamos reciclar,  
no centro da cidade eu por alí vin  
as papeleiras de cores.




Vaiamos amigo, vaiamos axudar,  
no centro da cidade eu vin por alí  
as papeleiras de cores.



No centro da cidade eu por alí vin  
as bolsas de reciclaxe,  
as papeleiraas de cores.

No centro da cidade eu vin por alí  
as bolsas de reciclar,  
as papeleiras de oores.

L.R.




O mundo está acabando  
e nos estámolo axudando.

Acabará o mundo!

Temos que reciclar  
para axudar.

Acabará o mundo!


D.R..



Para o noso planeta coidar  
temos debemos saber respectar  
os seus elementos por igual:  
aire, mar, auga e terra.

Nas nossas casas  
papel e cartón separar  
de plásticos e vidros  
para non contaminar.

I.P.




O planeta Terra en perigo estámolo,

por iso debemos reciclar,

coidar e non contaminar...

Se queremos reducir o quentamento global.

J.P..



Con ledicia recollo e reciclo,

co corazón latexando por ti.

Sigo recollendo e reciclando.



Con ledicia reciclo e recollo,

co corazón por ti latexando.

Sigo recollendo e reciclando.

Co corazón latexando por ti,

en todo momento lembrándote.

Sigo recollendo e reciclando.



Co corazón por ti latexando

en todo momento a túa imaxe no meu pensamento.


Sigo por ti reciclando.

J. G.



Esa reciclaxe querido,  
esa reciclaxe ignorada,  
que ao meu amigo tanto lle gustaba..

Vemos este mundo cambiar  
e non facemos nada por reciclar,  
que ao meu amigo tanto lle gustaba..




A contaminación podémola parar,  
simplemente con menos contaminar,  
que ao meu amigo tanto lle gustaba.

E agora antes de as cousas tirar,  
pensádeo máis e comezade a reutilizar,  
que ao meu amigo tanto lle gustaba.

N.F.

Non nos damos conta  
do importante de reciclar  
nem para o medio ambiente coñdas, debemos  
enxugártar o separar. Un mundo limpo, e unha natureza  
sana é deseño, e un planeta cativo onde poder disfrutar

P.S.



Maria RP4º

Damos á Terra

froitas para comer,

oceános para pescar,

leiras para sementar.

Dámosselle á Terra

lixo para ensuciar,

plástico para acumular,

fumes para contaminar.

Axudemos á Terra ,

separar para reciclar,

colectores para guardar,


natureza para xogar.

M.V.




Ai, reciclaxe, ai reciclaxe,  
sabedes novas do meu amigo.

Ai, se ti non sabes!



Ai reciclaxe, ai reciclaxe,  
sabedes novas do meu amado.

Ai, se ti non sabes!



Se sabedes novas do meu amigo,  
aquele polo que eu me desvivo.


Ai, se ti non sabes!

R.M.



A reciclaxe é responsabilidade,  
amor á natureza.

O planeta está falando...



Non esperes a que sexa demasiado tarde.

I.R.



Sen árbores non hai vida,  
non hai osixeno,  
sen árbores non hai protección  
ante os raios ultravioleta.



Sen árbores non hai menciñas,  
non hai madeira,  
sen árbores non hai hábitat para  
a vida silvestre.




Sen árbores non hai medio,  
e sen medio non hai mundo.  
Así que coida o medio coma che  
gusta coidarte a ti.

N.T.







Colectores da reciclaxe,  
grazas por coidar da paisaxe,  
e na rúa tedes a imaxe.



Colectores do desfeito,  
grazas por recoller as sobras dos alimentos,  
e na rúa tedes a imaxe.



Grazas por coidar da paisaxe,  
porque sen vós no habería almacenaxe,  
e na rúa tedes a imaxe.



Grazas por recoller as sobras dos alimentos,  
para ter a todos os veciños contentos,  
e na rúa tedes a imaxe.

L.C.



**proxecta**